



BOLETÍN
INFORMATIVO

BReOGÁN

O GROVE (PONTEVEDRA)

O GROVE • Nº 12 - 4º TRIMESTRE 2008

EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN

Aptdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: clubbreogan@telefonica.net

PATROCINADOR DO EQUIPO DE PIRAGÜISMO DO C.M.D.C. BREOGÁN



GRUPO CONSTRUCTOR Y PROMOTOR

Oulton Xunqueiriña S.L.

www.grupo-oulton.com

Tel. 902 40 25 25 y 986 72 78 40




Sorteo a prol do deporte base

Para estas datas festivas que se acercan, nas que se enche todo de bos desexos e novos proxectos. Dende a Xunta Directiva do Club Marítimo, Deportivo e Cultural Breogan do Grove, queremos desexarlles a

todos un BO NADAL e un PROSPERO ANINOVO, especialmente os que dalgunha forma axudan a que Breogan siga NAVEGANDO.

MOITAS GRAZAS. XUNTA DIRECTIVA.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dir. Xeral para o Deporte

Cabalgata de Reis

Un ano máis, e xa van tres, o Breogan estará presente na Cabalgata de Reis. O pasado ano contamos con unha axuda do Concello, que por primeira vez se dirixeu as entidades locais para colaborar co evento; nos como xa tiñamos previsto participar, recibimos esta solicitude de colaboración e, o mesmo tempo axuda; con agrado.

Este ano de novo o Concello solicita a colaboración das entidades, o tempo que da axudas económicas para afrontar unha parte dos gastos. A Xunta Directiva xa tiña previsto a confección dunha carroza, polo que nos sumaremos a esta chamada de colaboración.

Seguindo co temas infantís, de cara que a decoración guste os



máis cativos, este ano a carroza ira decorada con personaxes dos dibuxos animados de «Pocoyo-

co» e os seus amigos: Eli, Loula, Pato, etc.

Lotería de Reis

Recordamoslle que poden adquirir a Lotería de Nadal que xoga o CMDC Breogan, que esta a venda nos lugares de costume e, que este ano xogamos o número 06546, podéndose adquirir en décimos ou en participacións.

Nas participacións detectouse un erro de imprenta, xa que na data do sorteo figura o ano 2007, cando todos sabemos que é o do 2008. Este erro non afecta a validez das participacións, xa que o número é o indicado e os décimos están deposi-

LOTERÍA DE REIS

52210



C. MARÍTIMO, DEPORTIVO
E CULTURAL

BREOGAN

0 GROVE (PONTEVEDRA)

O Depositario
Félix Lamas

Décimos depositados en:
caixanova

Nº 0000

SON 5,00 €uros.
DONATIVO 1,00 Euro
Colección de 3 temas

O portador xoga a cantidade de CATRO €UROS no número arriba sinalado para o sorteo do día 06 de Xaneiro de 2009

tados como sempre en Caixanova, onde xa se informou deste erro.

Unha vez pasado o sorteo de

Nadal, páranse a venda os décimos e participacións da Lotería de Reis.



Concello do Grove

CONCELLERÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ
E EMERXENCIAS, DEPORTES
E LIMPEZA



A Federación Nacional celebra na Toxa a XXVI Gala Nacional de Piragüismo

O sábado día 8 de novembro no Salón Principal do Gran Hotel Hesperia La Toja, tivo lugar a XXVI Gala Nacional de Piragüismo, que organizou a Real Federación Española de Piragüismo e, na que se entregaron os Premios Nacionais de Piragüismo da temporada 2008.

Ademáis de estar os mellores piragüistas do estado español presentes neste evento, cabe destacar la presencia de numerosas autoridades que acudiron a celebrar o mellor ano do piragüismo español, en canto a resultados. Estiveron presentes: o Secretario de Estado para o Deporte, Jaime Lissavetzky; o Presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño; o Presidente do Comité Olímpico Español, Alejandro Blanco; o

Presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán e, como autoridade local estivo presente o alcalde do Grove, Jose Antonio Cacabelos.

O Breogán-Outón Xunqueiriña, como non podía ser doutra forma; foi protagonista nesta Gala Nacional, facendose acreedor dun dos galardóns entregados, o acabar no terceiro posto da «VII Liga Nacional de Piragüismo-Hernando Calleja», trofeo que foi recollido polo noso presidente, Félix Lamas. O Breogan, na temporada 2008, só foi superado pola Escuela de Piragüismo Aranjuez (campións) e, por As Torres-Romería Vikinga (subcampións).

Temos que destacar, que nas sete edicións da

<http://www.aselec.eu>
e-mail: aselec@aselec.eu



aselec
electricidade

Rúa Rioxoa 1, baixo
36960 O Grove
PONTEVEDRA
www.aselec.eu



«Liga Nacional de Piragüismo», o Breogan acabou en todas elas entre os tres primeiros clasificados, acadando o título de Campión en unha delas (a primeira).

Entre os premios especiais entregados dende a R.F.E.P., estiveron varias «Piraguas de Honra», unha delas o Presidente do Comité Olímpico Español, Alejandro Blanco; ou outra moito máis emotiva, a Fredi Bea pola súa dilitada e fructifera vida deportiva; galardón que foi entregado polo Jesús Casal, ex-vicepresidente da RFEP e expresidente do CMDC Breogán.

Os mellores piragüistas do ano, foron os Campións Olímpicos Carlos Pérez «Perucho» e Saul Craviotto e o dobre Subcampión Olímpico, David Cal. No apartado feminino, as mellores foron as compoñentes do K-4 español que acadou o quinto posto na olímpida, formado por: Jana Smidakova, Beatriz Manchón, Teresa Portela e


Sonia Molanes.

O día seguinte, domingo 9 de novembro, tivo lugar a XLVIII Asamblea Xeral da Real Federación Española de Piragüismo, que se celebrou no Hotel Hesperia Isla de La Toja e, que transcorreu con bastante tranquilidade, cando falla pouco tempo para a celebración das eleccións a presidente da RFEP.

O resumen da temporada non pudo ser mellor en canto os resultados, no mellor ano da historia do piragüismo español, con tres medallas nos Xogos Olímpicos e medallas en todos os campeonatos do mundo disputados.

Aprobouse o calendario de regatas da temporada 2009, na que todavía falla o lugar de celebración e, tamén se aprobou o orzamento do vindeiro ano que ascende a importante cantidade de 6.146.000 euros. Onde se agarda que os patrocinadores aporten máis dos 932.000 euros aportados durante o ano 2008.

No memoria deportiva foise especificando datos das competicións das diferentes modalidades responsabilidade da RFEP, destacando a participación na «Liga Nacional de Piragüismo», na que tomaron parte preto de 1.200 palistas, o que da unha imaxe máis clara da importancia do terceiro posto acadado polo Breogan nesta competición.



Deputación Pontevedra



A muller no Piraguismo

O día 16 de novembro, na Hotel Hesperia Isla de La Toja, o Breogan organizou as primeiras xornadas de «A Muller no Piraguismo», que contou co patrocinio da Fundación Deporte Galego e o Concello do Grove a través da Concellalía de Deportes e, contando coa colaboración da Concellalía de Igualdade.

Carlos Alvarez, tenente de alcalde e Alfredo Bea, concelleiro de deportes; inauguraron este evento, para dar paso a primeira ponencia que baixo o título «O papel da muller no deporte», estivo a cargo de Iria González Dopaso, secretaria de MUDEGA, avocación de nova creación formada por Mulleres Deportista Galegas. Conferencia que foi presentada pola nosa tesorera, M^a Antia Rodríguez.

A segunda ponencia estivo a cargo da psicóloga meca, Ruth Otero Triñanes, que exerceu de psicóloga no Centro Galego de Tecnificación Deportiva. A súa charla foi presentada por Esteban Alonso, adestrador do Kayak Tudense. Ruth ofreceu unha interesante charla sobre a «Problemática da Muller no Deporte do Piraguismo».

Como colofón a xornada da mañán, celebrouse

unha Mesa de Debate, coa participación da tres veces olímpica Teresa Portela (Club de Mar Ría de Aldán), Joaquina Costa, a grovense do Breogán olímpica en Barcelona-92; María Pérez (As Torres de Catoria), compoñente da selección nacional de maratón e Ana Varela (Kayak Tudense), que formou parte da selección nacional. O debate estivo moderado por Paula Janza, extenente de alcalde do Grove e exdiputada autonómica, que na súa actuación política estivo moi implicada nos dereitos da muller.



REVESTIMIENTOS INTERIORES

ARADAS

&

PADIN

YESO - MORTERO





A xornada de tarde arancou con coa onferencia de Mª Angeles Villarino, que explicou o seu traballo realizado para a Fundación Deporte Galego, «Muller, Deporte



e Familia), onde dou conta da realizade actual da muller galega e a súa actividade deportiva.

De seguido, Carlos Alvarez, dou paso a Liliana , que falou do Plan de Igualdade que se esta a facer no Grove, para os vindeiros catro anos e, no que están a colaborar unhas cincuenta entidades locais.

O remate das charlas estivo a cargo da Directora Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Marta

Souto; quen falou do traballo que se esta a facer dende o seu organismo, na procura da igualdade entre homes e mulleres no deporte. Tamén dou conta das axudas que a administración autonómica esta a poñer en marcha, na procura de que a igualde sexa pronto unha realidade.

Varios os conferenciantes felicitaron o Breogan, por esta iniciativa e levada adiante; animandonos a continuar nesta liña e incluso que as charlas engloben o deporte en xeral e non só o piragüismo.

HABITAT

Decoración

Pedro Iglesias, 40 • Telf. 986 73 32 00
36980 O GROVE

XXII TROFEO CONCELLO DO GROVE DE PIRAGÜISMO XIII GRAN PREMIO DE GALICIA DE INFANTIS XXI COPA XUNTA DE GALICIA DE PIRAGÜISMO

DATA:
8 de Xuño
HORA:
17:30 h.

ORGANIZA:
BREOGAN

GRUPO CONSTRUCTOR PROMOTOR
OY Outón Xunqueiriña



Federación Galega
de Piragüismo



CONCELLO DO GROVE
CONCELLERÍA DE DEPORTES

Categorías
Infantil 'A'
Infantil 'B'
Modalidades
K-1 e C-1



XXII Trofeo Concello do Grove

Recentemente, o presidente da Federación Galega de Piragüismo, Modesto Teijeiro; sufriu unha moción de censura a mans de parte dos que anteriormente o apoiaran na súa candidatura a presidencia.

Nesta situación, Teijeiro dirixiuse o grupo que encabezaba Fredí Bea, para solicitarlle o seu apoio. Visto a xente que dirixía a moción de censura e, despois de esixir unha serie de cambios no rumbo da FGP, este grupo decidiu apoiar a o presidente para votar abaixo a moción de censura.

Tras a asamblea que ratificou a Modesto Teijeiro no seu cargo, a xunta directiva da federación galega afrontou unha remodelación, entrando a formar parte da mesma o noso presidente, Félix Lamas, como vocal e, Fredí Bea como asesor do presidente.

A pesar do pouco tempo que leva funcionando a nova xutna directiva, xa se van vendo cambios: presentou e acordouse cos adestradores dos clubs un novo formato de competición galega; estase a traballar na creación dunha liga galega de K-4 e C-4 que sexa retransmitida pola TVG; solicitaronse tres campeonatos de España de pista para celebrar en Verducido, etc.

Galicia premia a Fredí Bea

A Fredí Bea choenlle os recoñecementos pola súa dilatada e triunfante trayectoria deportiva. Así, a Real Federación Española de Piragüismo, na Gala Nacional celebrada o día 8 de novembro na Toxa, lle fixo entrega da «Piragua de Honor».

O pasado día 28 de mesmo mes, a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral para o Deporte, nun evento celebrado no Pazo da Cultura de Pontevedra, fixo entrega dos PREMIOS NACIONAIS DO DEPORTE GALEGO 2007/2008. No que foron galardonados os mellores do deporte da nosa comunidade; entre eses galardoados estivo Fredí Bea, que foi agasallado co PREMIO A TRAXECTORIA NO DEPORTE.



”la Caixa”



Restaurante - Taberna

A TRAIŢA





VICTOR OTERO PRO L

- Peseor Fiscol, Laboral e Contable
- Peseor Financieira
- Sociedades
- Administrador de Finanzas
- Mediodor de Seguros Titulado
Estatado nº104.563
- Especialista en Seguros de Vida

Allianz 





acquariumgalicia